

CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2015/2016

(Aprobado polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2015)

1. PERÍODO LECTIVO

O período lectivo do curso académico comprenderá desde o 1 de setembro de 2015 ao 29 de xullo de 2016, organizado en dous subperíodos académicos. Excepcionalmente poderán realizarse actividades fóra deste período no caso de prácticas en empresas ou para avaliación de Traballos de Fin de Grao ou Mestrado. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica.

2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS DOCENTES

As actividades académicas docentes comprenden:

Primeiro cuadrimestre: desde o 7 de setembro de 2015 ao 22 de decembro de 2015

Segundo cuadrimestre: desde o 25 de xaneiro de 2016 ao 13 de maio de 2016

Co fin de facilitar a planificación docente dos mestrados, e cando non precisen utilizar o período de avaliación, poderán iniciar as súas actividades docentes no mes de outubro e prolongalas ata o 22 de xaneiro. Neste caso o segundo cuadrimestre poderá comezar unha semana máis tarde. Para facer efectiva esta posibilidade os coordinadores dos mestrados deberán poñelo en coñecemento do Servizo de Organización Académica.

3. AVALIACIÓN

3.1 Graos, Mestrados e titulacións en extinción co calendario adaptado.

As titulacións en extinción que pretendan adaptarse ao calendario de grao, aínda que o tivesen feito en cursos académicos anteriores, deberán comunicalo ao Servizo de Organización Académica antes do 30 de setembro de 2015.

Para a súa avaliación os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en tres períodos:

Convocatoria	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Adianto de convocatoria	Do 30 de novembro ao 11 de decembro de 2015	22 de decembro de 2015
Materias do primeiro cuadrimestre	Do 7 ao 22 de xaneiro de 2016	5 de febreiro de 2016
	TFG/ TFM Fixadas polos Centros	23 de febreiro de 2016 para as actas do TFG e TFM
Materias do segundo cuadrimestre e anuais	Do 18 de maio ao 3 de xuño de 2016	17 de xuño de 2016
	TFG/ TFM Fixadas polos Centros	4 de xullo de 2016 para as actas do TFG e TFM
2ª oportunidade	Do 27 de xuño ao 15 xullo de 2016 (*)	22 de xullo de 2016
	TFG/ TFM Fixadas polos Centros	23 de setembro de 2016 para as actas do TFG e TFM

As datas de avaliación correspondentes ao "adianto de convocatoria" serán establecidas polos Centros só no caso de existiren solicitudes

(*) Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre e a continuación os das materias do segundo cuadrimestre.

A matrícula e defensa do TFG e do TFM se realizará conforme ao disposto nos artigos 1º, 2º e 3º da Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM aprobada polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2013 e as súas posteriores modificacións.

3.2 Titulacións en extinción sen calendario adaptado

Convocatoria	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Fin de carreira Extraordinaria de decembro	do 30 de novembro ao 11 de decembro de 2015	22 de decembro de 2015
Materias do primeiro cuadrimestre	Do 7 ao 22 de xaneiro de 2016	5 de febreiro de 2016
Materias do segundo cuadrimestre e anuais	Do 18 de maio ao 3 de xuño de 2016	17 de xuño de 2016
Setembro	Do 1 ao 9 de setembro de 2016	16 de setembro de 2016

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 23 de decembro de 2015 ata o día 6 de xaneiro de 2016 (ambos os dous incluídos); os días 8 e 9 de febreiro de 2016 e desde o día 19 ao día 28 de marzo de 2016 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 29 de xaneiro de 2016 por traslado da festividade de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade da Universidade coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día anterior ou o seguinte lectivos.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 2 páxinas numeradas e seladas, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data **30 de abril de 2015**.

O secretario xeral



Asdo. *Carlos Amoedo Souto*